

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O
CONCELLO DE MARÍN PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE ADMINISTRACIÓN
ELECTRÓNICA

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POR:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE MARÍN PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

Pontevedra/Marín

INTERVEÑEN

D. Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial, de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

D^a María Pilar Ramallo Vázquez, alcaldesa do Concello de Marín, actuando en representación do mesmo en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 124.1.4 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Dando fe do acto, D. Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra.

Ambas as partes recoñécense con capacidade para formalizar este convenio e, en base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións entre as administracións públicas,

EXPOÑEN

Primeira.- A Deputación de Pontevedra desde o 2016, en exercicio das súas competencias provinciais de asesoramento e asistencia en materia de administración electrónica, promoveu a través da contratación dunha plataforma de administración electrónica en modalidade software como servizo (SaaS) e a formalización de convenios intearministrativos para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica, un marco de colaboración coas Entidades locais da provincia para a prestación de servizos de administración electrónica.

Segunda.- Este proxecto está a permitir ás Entidades locais da provincia adheridas ter todos os seus expedientes organizados e localizados, evolucionando do expediente en papel ao expediente electrónico, a través da incorporación da sinatura electrónica en



todos os seus expedientes. Ademais, habilitou a posta en funcionamento das correspondentes sedes electrónicas que permiten ás persoas interesadas relacionarse de xeito electrónico, consultar os seus expedientes e rexistros, recibir notificacións electrónicas, realizar pagos telemáticos e verificar a validez de documentos electrónicos.

Terceira- Actualmente son 57 concellos, 4 mancomunidades e 6 Entidades locais menores as adheridas ao servizo de administración electrónica. Destes, no rango de poboación de 20.001 a 30.000 habitantes, a Deputación de Pontevedra ofrece o servizo a todos os concellos dese rango de poboación (Cangas, A Estrada, Pontearreas, Redondela, Lalín e Porriño) con excepción do Concello de Marín.

Cuarta.- O actual marco de colaboración interadministrativa, aprobado pola Xunta de Goberno da Deputación en sesión ordinaria do 23 de febreiro de 2024, é o “Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as Entidades locais da Provincia de Pontevedra para a prestación de servizos de administración electrónica”, (exp. 2024005572), cuxa duración remata o 10 de marzo de 2027.

Este convenio non prevé a incorporación de concellos de máis de 20.000 habitantes, distintos aos que formalizaron a súa adhesión ao convenio inicial.

Quinta.- Que o artigo 36.2.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, establece como competencia propia das Deputacións Provinciais dar soporte aos Concellos para a prestación de servizos de administración electrónica.

Adicionalmente, o artigo 36.2 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, determina que as deputacións provinciais teñen como competencias propias o soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos, sen limitación de poboación, que desde a entrada en vigor da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, só pode ser electrónico.

Sexta.- A Deputación ten a responsabilidade de impulsar a modernización administrativa nos concellos da provincia, garantindo o dereito dos cidadáns para relacionarse electronicamente coa administración, como esixe a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).



Sétima.- Deste xeito, en aplicación das competencias propias, a Deputación debe garantir o principio de igualdade no acceso a servizos dixitais en toda a provincia, evitando fendas tecnolóxicas entre concellos, asegurando que todos eles dispoñan dos medios necesarios para operar nunha contorna dixital segura e conforme á normativa de procedemento administrativo común.

No ámbito da administración local, este principio tradúcese na obriga de garantir un acceso homoxéneo aos servizos públicos esenciais a todos os cidadáns, con independencia do municipio no que residan.

Oitava.- Que o artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece como un dos principios xerais de actuación das Administracións públicas, o principio de cooperación, colaboración e coordinación e, a propia Lei regula no seu capítulo VI do Título Preliminar o Convenio como instrumento con efectos xurídicos para a formalización de acordos entre Administracións para un fin común.

Novena.- Deste xeito, concorren circunstancias competenciais e de interese público para a formalización do presente convenio co Concello de Marín.

Décima.- As partes recoñécense a capacidade xurídica necesaria para subscribir este acordo e, en consecuencia, conveñen formalizar este convenio de colaboración (en diante aparecerá denominado como “convenio”) con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto regular a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Marín para a prestación de servizos de administración electrónica, co obxectivo de asegurar o cumprimento da normativa básica en administración electrónica a través do acceso e uso das ferramentas tecnolóxicas.

Segunda. Ámbito obxectivo

É alcance do presente convenio:

- A posta a disposición da ferramenta Plataforma Gestiona de titularidade de Espu-blico Servicios para la Administración S.A. (A50878842) que permite ás Entidades locais da provincia dispor dunha sede electrónica personalizada para a relación coa



ciudadanía, dun portal de tramitación para as persoas traballadoras das Entidades locais da provincia, así como a xestión integral dos procedementos e expedientes por medios electrónicos.

- A formación para que o persoal do Concello de Marín poida coñecer adecuadamente o contido dos servizos incluídos neste proxecto.
- O soporte e mantemento correctivo e de adaptación e seguimento desde o momento de posta en produción e durante todo o período de garantía do proxecto que garantan a corrección de incidencias e a actualización e inclusión de novas funcionalidades.
- A migración da información, a implantación, a parametrización, a xestión do cambio e a posta en marcha de todos os módulos que forman parte do servizo de administración electrónica.

Terceira. Obrigas da Deputación de Pontevedra

A Deputación de Pontevedra comprométese ao seguinte:

1. A posta a disposición da ferramenta Plataforma Gestiona de titularidade de Espublico Servicios para la Administración S.A. (A50878842).
2. Respetar e protexer a confidencialidade dos datos propiedade da Entidade local adoptando as medidas de seguridade que sexan necesarias para tal fin garantindo o cumprimento na normativa básica de protección de datos de carácter persoal.
3. Favorecer a formación e proporcionar o material necesario para que o persoal da Entidade local poida coñecer adecuadamente o contido dos servizos incluídos neste proxecto.
4. Comunicarlle á entidade local calquera modificación na prestación dos servizos de administración electrónica debida a cambios tecnolóxicos ou legais.

Cuarta. Obrigas do Concello de Marín

A Entidade local comprométese ao seguinte:

1. Autorizar á empresa Espublico Servicios para la Administración S.A. para que poida realizar todas as operacións necesarias para a prestación de servizos de administración electrónica obxecto de convenio.
2. Nomear a unha persoa interlocutora única, que actuará como persoa de referencia ante o organismo provincial no desenvolvemento do servizo. Para estes efectos a persoa interlocutora identificará as persoas idóneas para cada servizo ou área para facilitar a organización de reunións, a execución das tarefas e a obtención dos datos necesarios para a Deputación e a empresa provedora de servizos de administración



- electrónica. A Entidade local deberá comunicar, no prazo máximo de 5 días desde a sinatura do Convenio, quen é a persoa que actuará como interlocutora.
3. Pór a disposición da institución provincial e da empresa provedora do servizo, no menor tempo posible e sempre nun prazo non superior a 10 días hábiles desde a súa solicitude, a información necesaria para facilitar a prestación de servizos de administración electrónica.
 4. Responder as consultas realizadas pola Deputación e a empresa provedora no menor tempo posible, sempre nun prazo non superior a 7 días a partir da recepción da consulta.
 5. Colaborar de maneira activa co organismo provincial e coa empresa provedora nas visitas ás instalacións do Concello, así como na resolución das dúbidas que puidesen xurdir sobre a información obtida.
 6. Conservar toda a documentación xustificativa das actuacións realizadas no ámbito do proxecto, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

Quinta. Financiamento e réxime económico

O custo máximo das actuacións obxecto do presente Convenio é de 37.595,76 con cargo ás aplicacións orzamentarias 926.9260.227.06 do Orzamento de Gastos dos exercicios orzamentarios correspondentes:

Aplicación Orzamentaria	Importe Total
25/926.9260.227.06 (01/09 ao 31/12)	8.204,75 €
26/926.9260.227.06	24.614,26 €
27/926.9260.227.06 (01/01 ao 10/03)	4.776,74 €
TOTAL	37.595,76 €

Para o desenvolvemento das actividades previstas neste convenio o Concello de Marín deberá asumir o pagamento da contraprestación económica que se recolle a continuación, en atención ao rango de poboación do concello interesado.

Rango de poboación Concello de Marín (24.154 hab)	Importe anual contraprestación
20.001 a 30.000 habitantes	5.500 €



A forma de liquidación será anual e as achegas económicas deberán ingresarse na Tesoureira provincial nos prazos que se sinalen na liquidación que se notifique.

Sexta. Control e seguimento

Para velar polo cumprimento do estipulado constituirase unha comisión paritaria de seguimento da execución do convenio, formada por dúas persoas representantes, unha por parte da Deputación de Pontevedra e outra por parte da entidade local, que actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o considera adecuado, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento. A composición desta comisión será a seguinte:

- Pola Deputación de Pontevedra, a persoa deputada provincial con competencias en Novas Tecnoloxías e Contratación, ou a persoa na que delegue.
- Polo Concello de Marín, a persoa que exerza a súa Alcaldía, ou a persoa na que delegue.

A presidencia exerceraa a persoa deputada provincial con competencias en materia de Novas Tecnoloxías e Contratación, ou a persoa na que delegue.

Nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, a presidencia será ocupada pola persoa na que delegue.

Sétima. Modificacións do convenio

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

En cumprimento do establecido no artigo 34.1 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o presente convenio poderá ser obxecto de modificación para o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Oitava. Resolución

Este convenio resolverase polas causas e cos efectos establecidos nos artigos 51 e 52 da Lei 40/2015. En particular resolverase polo incumprimento, total ou parcial, dalgunha das cláusulas que o regulan.

Ademais, serán causas de resolución do convenio as seguintes:

1. Cumprimento da prestación dos servizos obxecto deste convenio.
2. Cumprimento do prazo de vixencia.
3. Imposibilidade sobrevida para o seu cumprimento.
4. Acordo das partes asinantes despois dunha reunión da comisión de seguimento.



5. Incumprimento das obrigas dunha das partes, comunicado de forma motivada por escrito con quince días de antelación. A resolución do Convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e prexuízos causados.

O réxime de obrigas e responsabilidades por incumprimentos que consten neste Convenio consideraranse instrumento axeitado para a determinación das correspondentes responsabilidades.

En calquera suposto de resolución anticipada as partes comprométense a finalizar as actividades en curso.

Novena. Vixencia, duración e prórroga do convenio

Este convenio terá unha vixencia desde a súa sinatura e ata o 10 de marzo de 2027 e poderá prorrogarse de forma expresa a través da correspondente addenda, por períodos anuais, bianuais ou inferiores, ata un máximo de catro (4) anos conforme ao disposto no artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

A tramitación, subscrición e efectos da prórroga que no seu caso se acorde efectuarase de acordo co previsto pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e co resto da normativa aplicable.

Décima. Réxime xurídico e lexislación aplicable

Este convenio de colaboración ten natureza xurídico-administrativa e rexerase polo previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de citada Lei. Non lle é aplicable a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Para resolver cantas dúbidas ou lagoas puidesen producirse na interpretación, execución, efectos, modificación e resolución do convenio, será de aplicación o disposto no propio convenio e, na súa falta, aplicarase a Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e os principios da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

As partes comprométense a tentar resolver de maneira amigable calquera desacordo que puidese xurdir no desenvolvemento, interpretación, cumprimento, extinción e efectos deste convenio a través da comisión de seguimento establecida na cláusula quinta. En caso de non ser posible unha solución amigable e proceder o litixio xudicial, a xurisdición competente para coñecer e resolver estas cuestións será a xurisdición



contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Décimo primeira. Compatibilidade con outras subvencións

Esta subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

A entidade local deberá comunicar á Deputación de Pontevedra a obtención dos recursos citados. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos, de acordo co disposto no artigo 14.d) da Lei Xeral de Subvencións.

Cando as actividades fosen financiadas, ademais de con esta subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación do gasto o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, segundo sinala o artigo 30.4 da Lei Xeral de Subvencións.

O importe da subvención, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada.

Décimo segunda. Confidencialidade da información

As partes comprométense ao intercambio dos datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos os termos deste convenio coas garantías de confidencialidade que en cada caso se requiran e permanecerá exclusivamente no ámbito de relación das mesmas partes e do persoal técnico que colabore nas actividades, obrigándose a mantelo en réxime de confidencialidade por prazo indefinido e con independencia da duración deste convenio.

Toda a información e documentación intercambiada no marco do convenio será propiedade das respectivas partes.

As partes poderán darlle publicidade á existencia deste convenio na forma en que ambas o determinen de mutuo acordo.

Décimo terceira. Protección de datos

As actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a normativa reguladora da protección de datos de carácter persoal.



A contratación do servizo obxecto do presente convenio deberá incorporar entre as súas cláusulas as garantías aquelas previstas no artigo 28 do Regulamento Xeral de Protección de Datos.

En caso de darse tratamentos de datos persoais no contexto da execución de actividades no ámbito do presente convenio, as partes poderán ser responsables, corresponsables ou encargados do tratamento dos datos persoais, sendo a comisión de seguimento do convenio quen determine dita responsabilidade ou corresponsabilidade ou a posible existencia do encargo do tratamento, atendendo ao tratamento de datos persoais particular que teña lugar en cada caso.

A empresa provedora do servizo porá ao dispor da persoa responsable toda a información necesaria para demostrar o cumprimento das obrigacións establecidas no devandito artigo, así como para permitir e contribuír á realización de auditorías, incluídas inspeccións, por parte da persoa responsable ou auditora autorizada polo devandita persoa responsable, así como informar inmediatamente se, na súa opinión, unha instrución infrinxe a normativa en materia de protección de datos.

Décimo cuarta. Notificación electrónica

Tomando en consideración que todas as partes asinantes entran dentro dos suxeitos obrigados a relacionarse por medios electrónicos e, por tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas, segundo establece o artigo 14.2 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común, as notificacións realizaranse só por medios electrónicos.

Décimo quinta. Cesión de competencias

Este convenio non supón, en ningún caso, a cesión de competencias dunha das partes á outra, nin tampouco a concesión, expresa ou implícita, de dereito ningún.

Décimo sexta. Remisión do Convenio ao Tribunal de Contas

Unha vez concluído o exercicio correspondente procederase á remisión do presente Convenio ao Tribunal de Contas de acordo co procedemento establecido na Resolución Presidencial nº 2017008767, de data 3 de maio de 2017, en relación co preceptuado no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, tendo en conta que os compromisos económicos da Deputación de Pontevedra derivados deste Convenio non superan os 600.000,00 euros.

Documento asinado dixitalmente.

